

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMBRE

*Pleno do 8.7.2019.-Determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, retribucións, réxime de dedicación, e fixación das contías a percibir en concepto de asistencia e indemnizacións*

De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Pleno municipal, en sesión extraordinaria de data 8 de xullo de 2019, respecto da determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, réxime de dedicacións, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións, acordo que se transcribe a continuación:

«**Primeiro.**—Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a aboar pola administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

- Concellería da Área de Urbanismo e Obras: 40.000,00 €.
- Concellería da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos: 29.000,00 €.
- Concellería da Área de Servizos e Seguridade Cidadá: 29.000,00 €.
- Concellería da Área de Benestar Social: 29.000,00 €.
- Concellería da Área de Desenvolvemento Socioeconómico: 29.000,00 €.
- Concellería con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia: 29.000,00 €.
- Concellería con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na Área de Presidencia: 29.000,00 €.
- Concellería con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na Área de Cultura, Deportes e Xuventude: 29.000,00 €.
- Concellería con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade: 29.000,00 €.

**Segundo.**—Determinar o seguinte cargo da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación mínima de 32 horas semanais, preferentemente de 8.30 a 15.00 horas, de luns a venres, e coa retribución bruta anual seguinte:

- Alcalde-presidente: 35.000,00 €

**Terceiro.**—As retribucións dos concelleiros estarán suxeitas ás variacións que se fixen para o persoal das administracións públicas na Lei de orzamentos xerais do Estado.

**Cuarto.**—Os membros da Corporación que non teñan dedicación parcial percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as seguintes contías:

- Plenos: 200 €
- Comisións Informativas: 150 €
- Xunta de Voceiros: 250 €
- Xunta de Goberno Local: 250 €

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

**Quinto.**—Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

**Sexto.**–De conformidade co establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.»

O que se publica para xeral coñecemento.

Cambre, 9 de xullo de 2019.

O alcalde en funcións

P.D. (R.A. núm. 1372/2019, do 5 de xullo)

Juan González Leirós

2019/5672